



|   |  |   |   |
|---|--|---|---|
| <b>DENOMINACIÓN</b>                         | <b>Bono alugueiro mocidade do Plan estatal de vivenda 2022-2025</b>  |   |   |
| <b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b>                  | <b>VI482E</b>  |   |   |
| <b>PUBLICACIÓN</b>                          | DOG número 35, do 20 de febreiro de 2025. Resolución do 18 de febreiro de 2025 pola que se procede á convocatoria do Programa de bono alugueiro mocidade para o ano 2025, con financiamento plurianual (código de procedemento VI482E).        |   |   |
| <b>OBXECTO</b>                              | Facilitar o goce dunha vivenda ou habitación en réxime de alugamento ou de cesión de uso á mocidade con escasos medios económicos.   |   |   |
| <b>PROCEDEMENTO</b>                         | O procedemento iníciase de oficio, mediante a correspondente resolución de convocatoria.   |   |   |
| <b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b> | Desde o 28/02/2025 ata o 28/03/2025.<br>As solicitudes presentadas fora do prazo anterior serán inadmitidas.   |   |   |
| <b>REQUISITOS DOS SOLICITANTES</b>          | Persoas físicas  |   |   |
|   | Menores de 36 anos no momento de solicitar a axuda.  |   |   |
|   | Nacionalidade española ou con estancia ou residencia regular en España   |   |   |
|   | Titulares dun contrato de alugamento ou un compromiso de formalización asinado polo arrendador/a e arrendatario/a (neste último caso, deberá achegar o contrato no prazo de 3 meses contados desde a notificación da resolución de concesión). |   |   |
|   | Importes máximos da renda mensual ou prezo de cesión (1).  |   |   |
|   | Dispoñer de, polo menos, unha fonte regular de ingresos (FRI)  | Teñen FRI   | <ul style="list-style-type: none"><li>• Traballadores por conta propia ou allea.</li><li>• Persoal investigador en formación.</li><li>• Persoas perceptoras dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial.</li></ul> |
|   |  | Que acrediten unha vida laboral de: <ul style="list-style-type: none"><li>• Polo menos, 3 meses de antigüidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores ao momento da solicitude.</li><li>• Ou unha duración prevista da fonte de ingresos de, polo menos, 6 meses, contados desde o día da súa solicitude.</li></ul> |   |



|   |  |  |
|---|--|--|
|   | <p>Rendas anuais (2) <b>iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM (25.200,00 €)</b></p> | <p>Computaranse as rendas de todas as persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda. Excepcionalmente, só se terán en conta as rendas individuais da persoa solicitante:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- No suposto de alugamento de habitación.</li><li>- No caso de que na vivenda convivan, ademais da persoa solicitante, outra/s persoas e concorran os seguintes requisitos:<ul style="list-style-type: none"><li>• Que no momento de solicitar a axuda, ningunha das persoas que conviva na vivenda teña entre si parentesco en primeiro grao de consanguinidade ou ben todas elas teñan menos de 36 anos.</li><li>• Que todas elas subscriban o contrato de alugamento.</li></ul></li></ul>   |
|   |  | <p>-Estar empadroadado na vivenda arrendada ou cedida no momento da solicitude, no caso de ter contrato.</p> <p>Esta circunstancia acreditarase mediante o certificado ou volante de empadramento <b>COLECTIVO</b>, no que conste a data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto de alugamento ou cesión ou na que se localice a habitación obxecto de alugamento ou cesión.</p> <p>Recoñeceranse os certificados expedidos <b>nos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude</b>.</p> <p><b>IMPORTANTE: No caso de que na vivenda resida unicamente a persoa solicitante, o certificado deberá facer constar expresamente esta circunstancia, non sendo válidos os certificados de empadramento individuais.</b></p> |
|   |  | <p>As persoas que conviven na vivenda non poden:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Ser propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en España, agás as excepcións previstas nas bases reguladoras.</li><li>• Ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora ou cedente da vivenda.</li><li>• Ser socias ou partícipes da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora ou cedente.</li></ul>  |
| <b>IMPORTE</b>                            |  | <p>- 250 euros mensuais, co límite da renda mensual, do prezo da cesión ou, de convivir con outras persoas, do importe que lle corresponda satisfacer á persoa beneficiaria.</p>   |
| <b>DURACIÓN</b>                           |  | <p>- 2 anos, <b>sen que poidan concederse con posterioridade ao 31 de decembro de 2026</b>.</p> <p>- Poderán recoñecerse <b>desde o 1 de xaneiro de 2025</b> sempre que o correspondente contrato estivese vixente nesa data.</p>  |
| <b>FORMA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES</b> |  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Electronicamente</li></ul>   |
| <b>INFORMACIÓN</b>                        |  | <ul style="list-style-type: none"><li>• SERVIZOS CENTRAIS IGVS ..... 981541981-981541982-981957529</li><li>• DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA ..... 981957887 - 981957838</li><li>• SERVIZO DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN A LA CIUDADANÍA ..... 012</li></ul>   |
| <b>CONSULTAS</b>                          |  | <p>planificacion.igvs@xunta.gal</p>  |

(1) A renda mensual ou o prezo de cesión da vivenda ou habitación non poderá superar o seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

| Zona Territorial                        | Importe da renda ou prezo de cesión mensual |               | Concellos   |
|---|---|---------------|---|
|   | Da vivenda                                  | Da habitación |   |
| <b>Prezo máximo superior</b>            | 700   | 350           | A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.   |
| <b>Municipios de zona territorial 1</b> | 600   | 300           | Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros e Ribeira.<br>Lugo.<br>A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Pontearreas, Redondela e Vilagarcía de Arousa   |
|   | 500   | 250           | Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugardos, Neda, Noia, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada e Teo.<br>Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.<br>Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia.<br>Baiona, Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, Illa de Arousa, Moaña, Mos, Nigrán, Poio, Pontecesures, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa |
| <b>Municipios de zona territorial 2</b> | 400   | 200           | O resto de concellos de Galicia.  |

(2) Os datos fiscais que se terán en conta, para os efectos do cómputo de ingresos, serán os correspondentes ao período impositivo inmediatamente anterior con prazo de presentación vencido á solicitude. **Para os efectos da presente convocatoria, os datos fiscais que se terán en conta para a concesión das axudas corresponderán ao exercicio económico 2023.**